

CAMPAS



360

MAIO 2025
FINS DE SEMANA



XUNTA
DE GALICIA

CAMPAS



360

MAIO 2025
FINS DE SEMANA

Campas 360

A Xunta de Galicia pon en marcha a primeira edición de Campas 360, o programa de educación non formal dirixido á mocidade galega baixo o formato de factorías de innovación, que ten como finalidade ofrecer actividades formativas e de lecer en fins de semana do mes de maio de 2025, en instalacións da Xunta de Galicia.

Quen pode participar?

O programa está dirixido a mozas e mozos empadroados en Galicia que teñan **entre 12 e 30 anos** no momento da solicitude e queiran gozar dun programa de actividades relacionadas coa innovación nos eidos da tecnoloxía, o emprendemento e o deporte, cun enfoque formativo pero tamén de ocio, en distintas instalacións da Xunta de Galicia. Os grupos de participación dividiranse en **tres tramos de idade** diferenciados, posto que haberá grupos con participantes de 12 a 14 anos, outros de 15 a 17 e outros de 18 a 30.

As **persoas menores en situación de tutela ou garda pola Administración** e que se atopen en acollemento residencial poderán participar neste programa e deberán indicar esta condición no formulario da solicitude, marcando o recadro correspondente. Pola súa parte, as persoas que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33 % deberán facer constar esta circunstancia no formulario de solicitude, co fin de planificar os apoios persoais necesarios, se os precisaran.

Obxectivos do programa:

Con esta nova iniciativa a Dirección Xeral de Xuventude pon a disposición da mocidade galega unha actividade de fin de semana cunha completa programación de actividades que van dende a formación e a convivencia colaborativa ata o deporte e o ocio, cunha visión integral 360 que lles permita gozar dunha alternativa de ocio e lecer saudables:

Innovación: Estimular a creatividade e a xeración de novas ideas entre as persoas participantes, mellorando a resiliencia para superar os desafíos do futuro que lle agarda.

Coñecemento: Promover espazos colaborativos para a mocidade que axuden nas relacións interpersoais saudables e permitan crear vínculos e conexións logo de rematadas as factorías.

Deporte: Favorecer o uso dos deportes sostíbeis mellorando a súa eficiencia e innovación minimizando o impacto ambiental, ademais de adquirir coñecementos técnicos de diferentes modalidades deportivas.

Alberguismo: Fomentar o uso e coñecemento do alberguismo en Galicia coa mobilidade xuvenil mediante a creación de programas desestacionalizados.

Ocio: Facilitarlle á mocidade alternativas de ocio saudable e seguro.



O programa inclúe:

- Aloxamento en albergue xuvenil (noites de venres e sábado no caso de fins de semana). A asignación de cuartos será de libre disposición.
- Manutención completa dende a cea do venres ata o almorzo do domingo, ambos incluídos.
- Programa de actividades, equipo técnico responsable, así como o material preciso para o seu desenvolvemento (no suposto de mal tempo levaranse a cabo actividades alternativas).

O desprazamento ata as instalacións onde se vai desenvolver o programa vai por conta das persoas que participan, tanto o día de incorporación como o día do remate da actividade.

Condicións de participación:

- Cada persoa solicitante **só poderá elixir un programa e unha quenda**, se ben no caso de que queden prazas libres, ofreceráselles aos mozos e mozas que presentaran xa unha solicitude de participación a posibilidade de inscribirse noutro programa no que haxa vacantes.
- As persoas mozas participantes terán que **respectar os horarios** establecidos.
- Durante a estancia nos aloxamentos **respectaranse as normas de organización interna** en cada un deles, que serán obrigatorias para as persoas participantes.
- As persoas organizadoras reservaranse o dereito a cambiar algunha parte do programa ou servizo, incluso de cancelalo no caso de que sexa necesario por **seguridade das persoas participantes**.
- A realización e o desenvolvemento das actividades estará **condicionado polas condicións meteorolóxicas**.
- A Dirección Xeral de Xuventude poderá cancelar calquera dos programas no caso de que **non exista un número mínimo de participantes**.
- Se calquera das persoas participantes incumpre as normas xerais que alteren o desenvolvemento normal das actividades, poderán ser **expulsadas do programa** correspondente.
- Será necesario levar a **tarxeta sanitaria** e o **DNI** durante os días de realización do programa.
- A incorporación realizarase o primeiro día da actividade pola tarde ás 19.00 horas, e a saída será o último día da actividade antes de xantar.
- A participación no programa supón a **aceptación das condicións** deste. Noutro caso poderá excluírse do programa a persoa participante que incumpra as devanditas condicións.

CAMPAS



360

MAIO 2025
FINS DE SEMANA

Material necesario:

É necesario que o/a participante en Campas 360 leve o seguinte material básico: útiles de aseo, roupa axeitada e cómoda, prendas axeitadas ás condicións climatolóxicas, calzado deportivo cómodo e mochila.

No caso de actividades acuáticas, ademais:

- Toalla de praia
- Traxe de baño, gorro e chancletas
- Sandalias pechadas para auga ou escarpíns
- Neopreno / lycra (se se dispón del)
- Saco de durmir e esteira, se se dispón deles

É importante que a roupa e o calzado sexan axeitados para as actividades do programa elixido.

Prazas:

420		12		30/40		3		3
PRAZAS		QUENDAS		PRAZAS POR QUENDA		INSTALACIÓNS		PROGRAMAS

Prezo do programa:

As persoas ás que se lles adxudique unha praza deberán aboar un prezo de **25 euros**.

Por ser membro de **familia numerosa ou monoparental** e por ser titular do **Carné xove**, sempre e cando a tarxeta estea debidamente activada, aplicarase un desconto do **25% sobre o prezo (descontos non acumulables)**. Deste xeito, os/as participantes aboarán, nestes casos, **18,75 €**.



Prazo de inscrición:

O prazo de inscrición comezará o día 23 de abril ás 10:00 h e permanecerá aberto ata o 28 de abril ás 22:00 h.

Inscricións e reservas

- A reserva de praza efectuarase **unicamente a través do formulario de inscrición** que se poderá cubrir directamente na páxina web xuventude.xunta.gal.
- **As prazas asignaranse por estrita orde de chegada sempre e cando se cumpran os requisitos.** Unha vez esgotadas crearase unha lista de reserva, tamén por orde de chegada.
- **No formulario só se poderá elixir unha quenda**, se ben no caso de que queden prazas libres, ofreceráselles aos mozos e mozas que presentaran xa unha solicitude de participación a posibilidade de inscribirse noutro programa no que haxa vacantes.

Confirmación e adxudicación das prazas

As prazas adxudicaranse, como se dixo anteriormente, por **rigorosa orde de chegada dos formularios de inscrición** ata esgotar todas as dispoñibles por programa.

- **A confirmación da praza farase por correo electrónico tras realizar a inscrición.** Cómpre lembrar que non se establece un prazo para este trámite.
- Logo de confirmada a praza, o/a participante terá **un prazo de 48 horas** para remitir, ao enderezo de correo electrónico campas360.xuventude@xunta.gal, a documentación seguinte:
 - Xustificante do pagamento
 - Copia do DNI/NIE do/a menor
 - Copia da tarxeta sanitaria ou seguro médico privado
 - Copia do certificado/tarxeta de familia numerosa, de ser o caso
 - Copia do certificado de familia monoparental, de ser o caso
 - Copia do Carné Xove, de ser o caso
 - Copia do certificado acreditativo de discapacidade e do ditame técnico-facultativo, de ser o caso
 - Autorización asinada para a captación de imaxes

No asunto do correo electrónico debe indicarse o programa no que está inscrito. Completado este paso, a adxudicación da praza será definitiva.



Devolución de cotas

Logo de obtida a praza e de aboado o prezo correspondente, se a persoa interesada non puidese asistir á actividade, só terá dereito á devolución do prezo nos casos e polas causas seguintes:

- a. **Renuncia á praza comunicada por escrito** sempre e cando solicite a devolución da cantidade aboada polo menos **cinco días naturais antes do inicio da actividade**.
- b. **Anulación da actividade** ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.
- c. **Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa participante** e lle impida incorporarse á actividade, que deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada a persoa participante.
- d. **Falecemento ou enfermidade grave dun familiar de ata 2º grao**. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar ou co certificado de defunción, de ser o caso.

Avisos

1. A ausencia de datos, que estes sexan erróneos, enviar mal a documentación ou non enviala ocasionará a baixa automática do programa e as prazas quedarán dispoñibles para as persoas en lista de reserva.

2. As persoas participantes admitidas que por calquera causa non poidan finalmente asistir ás actividades deberán comunicalo á Dirección Xeral Xuventude ao enderezo de correo electrónico campas360.xuventude@xunta.gal cunha antelación mínima de 5 días naturais á data de inicio do programa, co fin de poder asignar as prazas vacantes ás persoas solicitantes da lista de espera. **De non facelo así quedarán excluídos da participación en sucesivas edicións deste programa e nos demais que poña en marcha a Dirección Xeral Xuventude.**

Instalacións para o desenvolvemento do programa

As instalacións xuvenís nas que se desenvolverá este programa son as seguintes:



**ALBERGUE XUVENIL
LUG 2**



**ALBERGUE XUVENIL
MARINA ESPAÑOLA**



**ALBERGUE XUVENIL
AS SINAS**

**Campas 360
Tecnoloxía**

**Campas 360
Emprendemento**

**Campas 360
Deporte**

Programa 1: Campas 360 Tecnoloxía

Actividades fin de semana

INNOVACIÓN E AVENTURA:

DESEÑO E IMPRESIÓN 3D: mergúllate no mundo da creación dixital e dá forma ás túas ideas cunha impresora 3D;

INICIACIÓN Á REALIDADE VIRTUAL: crea espazos inmersivos co CoSpace e desenvolve contidos propios;

DRONE EN ACCIÓN: diseña o teu circuío e aprende todo sobre os drons, desde o funcionamento ata a normativa e seguridade;

FERRAMENTAS DE PROGRAMACIÓN DE IA: desenvolve algoritmos e aprende a usar ferramentas de intelixencia artificial de forma práctica.

DE LECER:

ESCALADA NO ROCHÓDROMO DE LUGO: vive a aventura nun espazo de máis de 1300 m² con máis de 3500 presas e un desplome de 15 metros, con actividades alternativas como tiro con arco e circuío de lásertag.

Quendas

Quendas para mozos/as
de 15 a 17 anos

Do 2 ao 4 de maio

Quendas para mozos/as
de 18 a 30 anos

Do 16 ao 18 de maio

Quendas para mozos/as
de 12 a 14 anos

Do 9 ao 11 de maio

Do 23 ao 25 de maio

Horario: entrada ás 19:00 h do venres e saída ás 14:30 h do domingo

Aloxamento

Alberge Xuvenil LUG II (Lugo)
Rúa Pintor Corredoira, 4
27002 Lugo

Teléfono

982 828 496

Como chegar:

Está situado no centro da cidade, a 650 m da estación de autobuses.



Programa 2: Campas 360 Empreendimento

Actividades fin de semana

EMPRENDEMENTO E CREATIVIDADE:

CREACIÓN DE IDEA: descubre o teu potencial creativo e aprende a transformar as túas ideas en proxectos con impacto;

MÁRKETING DIXITAL: domina redes sociais, SEO e análise de datos para comunicar de forma efectiva;

BRANDING PARA O ÉXITO: crea unha imaxe de marca con identidade propia e aprende os elementos clave para destacar nun mercado competitivo.

DE LECER:

Iniciación ao caiaç + carreira de orientación: lánzate ao mar cunha actividade de iniciación ao caiaç combinada cunha emocionante carreira de orientación competitiva. Cada fin de semana terá a súa propia clasificación e... premio para o mellor de cada fin de semana!

Plan B con xogos de mesa: se o mar non colabora ou o tempo se complica, non pasa nada! Organizaremos sesións con xogos de mesa estratéxicos que reforzan a colaboración, a toma de decisións e o traballo en equipo.

Nota: as persoas que non saiban nadar non poderán participar na actividade de caiaç.

Quendas

Quendas para mozos/as de 18 a 30 anos	Do 2 ao 4 de maio	Do 23 ao 25 de maio
Quendas para mozos/as de 15 a 17 anos	Do 9 ao 11 de maio	Do 16 ao 18 de maio

Horario: entrada ás 19:00 h do venres e saída ás 14:30 h do domingo

Aloxamento

Albergue Xuvenil Marina Española
Lugar Lagoa, 40
15167 Sada (A Coruña)

Teléfono

981 620 118

Como chegar:

A 1,5 km de Sada (A Coruña), na estrada a Betanzos.



Programa 3: Campas 360 Deporte

Actividades fin de semana

UN MAR DE OPORTUNIDADES:

RUTA EN CAIAC E PADDLESURF: ruta tecnolóxica con cámaras de fotos subacuáticas;

A MÁQUINA DE GOLBERG: obradoiro de construción por equipos dunha máquina de Goldberg con materiais deportivos e reutilizados, e a súa posta en funcionamento.

DE LECER:

TECNOXOGOS DOS ANOS 80: introdución aos videoxogos e xogos de mesa dos anos 80, xogos deportivos tradicionais;

CARREIRAS DE ORIENTACIÓN COMPETITIVAS POR EQUIPOS: busca con GPS, carreiras de drones, carreira desafío ao final do programa.

VELADAS: xogos de escape, concurso fotográfico.

Nota: para participar nesta actividade é requisito indispensable saber nadar.

Quendas

Quendas para mozos/as
de 18 a 30 anos

Do 9 ao 11 de maio

Quendas para mozos/as
de 15 a 17 anos

30 de maio ao 1 de
xuño

Quendas para mozos/as
de 12 a 14 anos

Do 2 ao 4 de maio

Do 16 ao 18 de maio

Horario: entrada ás 19:00 h do venres e saída ás 14:30 h do domingo

Aloxamento

Albergue Xuvenil As Sinas
Praia das Sinas, 36620
Vilanova de Arousa (Pontevedra)

Teléfono

986 554 081

Como chegar:

Está situado na ría de Arousa a 4 Km de Vilagarcía de Arousa, na estrada Vilagarcía-Cambados. Autobuses e ferrocarril a Vilagarcía.